

Este cuestionario forma parte dun proxecto de investigación sobre percepción cromática en persoas de diferentes culturas e grupos sociais. Quere ser aplicado a distintas persoas de todo o mundo co obxectivo de establecer as cores das emocións e as experiencias da vida real. Chegar a establecer cal é a cor da felicidade, da saúde, o futuro, etc, co fin de aproveitar esta información para mellorar a nosa vida e entender mellor as calidades das nosas preferencias culturais e sociais.

Neste caso o proxecto aplícase a estudantes do Campus Universitario de Ourense. Deséñase un cuestionario específico tendo en conta os intereses do grupo. Os resultados serán expostos na Sala de exposicións "Alterarte" do Campus de Ourense. É por isto polo que che pido a túa colaboración. Moitas grazas.

Autora: Mónica Alonso. Investigadora en psicoespazo. [www.teoriaspsicoespacio.com](http://www.teoriaspsicoespacio.com). Doutora en Belas Artes.

**CUESTIONARIO**

Nome ...  Muller  Idade..... .Estudos en curso.....

Como te defines a ti mesmex?.....

Existe algunha cuestións que te preocupen especialmente? Poderías explicar porque?.....

.....

.....

Todos somos persoas únicas. En que cres que eres únicex?.....

.....







Describe co maior detalle posible o teu cuarto de estudante. Tamaño, elementos, cor, luz, olor. Gústache? Como te sentes nel?

Que cambiarías?, etc.....

.....

.....

**Ordena do 1 ao 6 as seguintes cores**

R <input type="checkbox"/>	A <input type="checkbox"/>	V <input type="checkbox"/>	Z <input type="checkbox"/>	B <input type="checkbox"/>	N <input type="checkbox"/>
					



CR01 CR02 CR03 CA04 CA05 CA06 CA07 CV08 CV09 CV10 CZ11 CZ12 CZ13 CB14 CB15 CN16 CN17 CP18 CD19

**Utilizando a anterior gama de cores, anota a referencia de que cor son para ti as seguintes cuestións.**

- |                                  |                         |                                 |
|----------------------------------|-------------------------|---------------------------------|
| A túa Cor <b>preferida</b> ..... | O <b>éxito</b> .....    | A <b>amizade</b> .....          |
| A <b>felicidade</b> .....        | O <b>fracaso</b> .....  | A <b>familia</b> .....          |
| A <b>infelicidade</b> .....      | O <b>diñeiro</b> .....  | A <b>infancia</b> .....         |
| O <b>amor</b> .....              | A <b>ruína</b> .....    | De que cor es <b>TI</b> ?.....  |
| O <b>odio</b> .....              | O <b>presente</b> ..... | A túa <b>cabeza</b> .....       |
| A <b>saúde</b> .....             | O <b>futuro</b> .....   | O teu <b>corazón</b> .....      |
| A <b>enfermidade</b> .....       | Os <b>exames</b> .....  | A túa nai..... <b>pai</b> ..... |

Gustaríache seguir a colaborar con nos no proxecto? Podes deixar o teu correo electrónico e contactaremos contigo.....

# CUESTIONARIO H 5

HOME 18 ANOS

**SON UNHA PERSOA MOI LÓXICA E RACIONAL**

ÚNICO

**O EXISTENCIALISMO E O ABSURDO**


PREOCUPA

**CREO QUE SON BASTANTE CREATIVO. NUNCA SE ME DEU BEN FACER  
AMIZADES DA MIÑA IDADE**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

A primeira cuestión que me chama a atención ao ver as respostas cromáticas é a elección da cor gris como preferida, que tu te definas a ti, o teu corazón e a túa cabeza de cor gris. Es a segunda persoa, en toda a miña investigación, que encontro que se elixe gris (a outra é unha muller de 49 anos residente en Lugo). Permíteme poder traballar contigo sobre a cor gris!!

O gris é unha cor moi interesante na súa ambivalencia como cor fría e como cor quente. O gris frío é un gris azulado e o gris quente é un gris avermellado. Pode incluso acadar a calidade de neutro: si se mesturan dúas cores complementarias como amarelo e violeta e se engade branco, o resultado é un gris que contén cores cálidas e cores frías. Vemos como non só é posible un contraste de claro e escuro, senón tamén cores cálidas e frías. O gris máis neutro, do negro invadido polo branco.

Non vou a negarche que o gris é unha cor non favorita. É unha cor sen forza, a cor dos sentimentos sombríos, a infelicidade, a tristeza. E por isto polo que interpreto que para ti o gris non é unha cor negativa, xa que todas as demais cuestións están en positivo harmonioso. Chámame a atención que non utilizas o negro para ningunha variable. Que significa a cor negra para ti?

Pregúntoche entón, Que significado ten a cor gris nas túas eleccións?

Non sabía que o gris é unha cor tan polivalente. Algo moi interesante, sen dúbida.

A cor gris é para min, como ti dis, unha cor neutra. Non podería asignarme unha cor que teña asociada a algún outro sentimento, xa que desta forma estaría atándome a el. O gris paréceme unha cor polivalente e que se adapta a grande cantidade de contextos. Ademais, é unha cor que tamén me agrada visualmente.

Para asociar sentimentos o negro é a cor máis negativa. Antigamente había a crenza de que os melancólicos tiñan o sangue negro. O negro máis negativo é o negro morte, todo acaba no negro, a carne descomposta vólvese negra. De que cor é a morte para ti? Porque?


No universo o negro máis profundo é o que resulta da ausencia absoluta de luz.

O negro é unha das cores que máis polariza, 1, a representación máis negativa do emocional, 2, a representación estética. Esteticamente é unha cor moi apreciada e sempre esta de moda, representa a elegancia, o neutro, a sobriedade, a individualidade. É a cor que mellor senta aos rostros xoves; canto maior é unha persoa mais maior parece vestida de negro.

Coido que non teño ningún sentimento en especial asociado ao negro. Véxoo como algo negativo en certa forma, un prexuízo herdado culturalmente, supoño. Tamén teño que dicir que acostumo vestir de negro, polo que me agrada esteticamente.

Gustaríame traballar contigo a gama dos grises.

#### DA SEGUINTE GAMA DE GRISES



De que gris es TI?. 3

A túa cabeza? 2

O teu corazón? 2

Non podería asignarme unha cor que teña asociada a algún outro sentimento, xa que desta forma estaría atándome a el.

Hai algunha cuestión que tu queiras asociar con estes grises.

Asocio ó gris un carácter neutro e polivalente.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non cambiaría ningunha cor das que elixín pero fixeime en que ao odio lle asinei o CV11, que non está na lista. Quixen dicir el CZ11.

ÚNICO.

Non dubido en que es único no teu disfrute de obter coñecemento, fuches o primeiro estudante en responder ao e-mail de inicio de contacto.

# CUESTIONARIO H 43

HOME 19 ANOS

**ALEGRE, OPTIMISTA E UN POUCO TÍMIDO**

ÚNICO

**NA MIÑA FORMA DE SER**


PREOCUPA

**SABER SE VOU CONSEGUIR OS MEUS OBXECTIVOS NO FUTURO**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

O primeiro que me chama a atención é a túa preferencia polo verde medio. O verde CV09 é unha cor positiva e estable, unha moi boa cor para vivir.

Para ti son verde medio: A felicidade, a saúde, o presente, o futuro, a infancia, TI, a túa cabeza. Un entorno en equilibrio que te presenta nunha vida en harmonía. O verde absoluto é a cor máis tranquila que existe.

Introduces o vermello activo e emocional para o amor, a familia, a túa cabeza, túa nai e teu pai. Isto está moi ben xa que quedarse soamente no verde sería pasar ao estancamento e é preciso ter puntos de vermellos que dan acción e emoción.

Intúo que todos teñen valoración positiva pero teño que preguntarcho. Todos os verdes medios que elixes son positivos? Si, todos os verdes que poño teñen connotación positiva.

Dis que te preocupa o futuro, e visualizas un futuro optimista igual que o presente que estás vivindo. Quédate con iso!!. Como suxestión podes combinar estes verdes cos azuis, os azuis darían acción ao equilibrio.

Ti es verde, de cabeza verde e corazón vermello, unha composición moi equilibrada. O positivo e estable do verde e a potencia do vermello.

O azul é unha cor positiva activa, a túa cor preferida, o éxito, a amizade. Está moi ben ter puntos activos de azuis.

O negro é a cor máis negativa, tu a utilizas para definir: infelicidade, odio, fracaso, ruína. Está ben polarizar as emocións.

Que outras cores son negativas para ti? A parte do negro non considero que ningunha cor máis teña connotacións negativas.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non.

A lectura que che fixen non sofre modificacións, como che dixen tes un cuestionario en equilibrio, ti e o que te rodea.

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo.

ÚNICO.

Na túa forma de ser "verde".



# CUESTIONARIO H 48

HOME 19 ANOS.

**LÍDER, CARISMÁTICO, ORGULLOSO**

ÚNICO

**APARTE DO FÍSICO, O CONXUNTO XERAL QUE NOS FAI PENSAR,  
SENTIR E TRATAR AS DISTINTAS SITUACIÓNS DE DIVERSAS FORMAS**

PREOCUPA

**AS CONSECUENCIAS DE CADA UNHA DAS MIÑAS ACCIÓNS, DEBIDO  
AO MEDO E CURIOSIDADE NO DEVIR DISTO**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

O negro é a cor emocional máis negativa que existe. A calidade positiva do negro responde á calidade estética.

Tu defíneste de cor negra e tamén a túa cabeza. Tamén é a túa cor preferida.

Polo teu perfil non interpreto lectura negativa do negro e quizás tampouco estética. Creo que a túa elección do negro é como cor de forza, potencia, "líder", "orgullo".

Combinas o negro co corazón vermello, o que lle dá aínda máis potencia ao negro.

O negro que elixes é unha preferencia estética? Considero que a cor negra ten un aura elegante, e que é capaz de combinarse con moitos ou incluso todos os cores nunha ampla variedade de situacións.

O negro que elixes ten calidade de fortaleza? Sí

O negro que elixes é negativo?

Vexo o negro como algo moi maleable, capaz de representar ideas e sentimentos negativos como o medo, tristeza, desesperación, un final... mais tamén con cousas que considero positivas como a forza, elegancia, orde, respecto, poder...

O que me interesa do teu cuestionario é a valoración que fas do negro:

Negro estético positivo: con aura elegante, capaz de combinarse con moitas outras cores nunha ampla variedade de situacións.

Negro emocional positivo: como fortaleza, orde, respecto, poder, líder.

Negro emocional negativo: para representar medo, tristeza, desesperación, final.



neutro



Quente



Frío

Destes negros, neutro, quente e frío. Que relacionas con cada un deles?

Neutro: Forza, Elegancia, Orde, Intimidación.

Quente: Aburrimiento, Impureza, Orgánico.

Frío: Gastado, Baleiro, Mecánico.

Tamén me chama a atención a túa elección de cores fortes como o verde escuro e o azul mariño.

Elixes o fracaso azul mariño. É un fracaso negativo? Vexo esa tonalidade de azul como un azul desvirtuado. O vexo como un azul, azul claro aos que poden asociar a pureza, calma, incluso vida (relacións inconscientemente coa auga, o mar, o ceo) pero que están corruptos e desprovistos de todo o positivo.

O azul mariño: relacionado coa auga, o mar, o ceo azul; desvirtuado, corrupto, desprovisto de todo o positivo.

As cores de túa nai (verde escuro) e teu pai (azul mariño) son positivos, negativos ou neutros? Os asocio a imaxes e recordos que teño deles, nunha aparencia ou entorno que me recordan ou conteñan a eses cores, pero para nada nun aspecto negativo. Senón nun aspecto familiar. Simplemente é o que se me ven á cabeza

Verde escuro positivo: visualización da nai.

Azul mariño positivo: visualización do pai.

Despois de aclarar as positivas do negro quero dicirte algo máis da túa percepción cromática. Ante un negro positivo que combinas con vermello acadas aínda máis forza. Concentras en ti forza.

O azul é unha das cores máis positivas e dinámicas, para ti son azuis o presente e o futuro, algo que te sitúan aínda con máis acción.

Elixes moi pouco os verdes, só a saúde e a enfermidade verde escuro. O verde é unha cor positiva pero non activa, tu móveste máis polos vermellos e o amarelo, cores máis emocionais e activas.

Considero que as respostas cromáticas reflexan ben a túa personalidade.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non.

## **CUESTIONARIO H 55.**

HOME 23 ANOS

**CALADO**

ÚNICO

**EN NADA**


PREOCUPA

**A SOIDADE, ANSIEDADE, ESTAR SÓ DEMASIADO TEMPO LEVA A  
PENSAR EN EXCESO ALGUNHAS VECES, DE AI A ANSIEDADE**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

Elíxeste de cor branca, a cor que dentro das emocións negativas evoca a soidade e o illamento. Sen embargo a túa cabeza é amarela, a cor da alegría e o optimismo; e o teu corazón vermello.

Elíxeste a ti e ao futuro branco, quizás intúes que o sentimento de soidade pódete seguir acompañando. O presente é azul medio, unha das cores máis positivas.

Poderías dicirme de que cor é para ti a soidade? A cor da soidade sería o NEGRO

De que cor sería a non soidade?

Poderías dicirme de que cor é para ti a ansiedade? A cor da ansiedade sería o VERMELLO

O vermello é unha cor moi interesante pola súa polaridade positiva e negativa.

A ansiedade é vermella negativa?

O teu corazón vermello é positivo ou negativo?

A familia vermella é positiva ou negativa?

Teu pai vermello é positivo ou negativo?

Quizás na polaridade do vermello poidas aprender a controlar a ansiedade.

Unha vez me respondas a estas preguntas eu volverei a facer unha valoración para ti.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non cambiaría ningunha.

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo.



# CUESTIONARIO H 59.

HOME 19 ANOS.

**ALGUÉN INTERESADO EN SOLUCIONAR PROBLEMAS**

**ÚNICO**

**NA MIÑA CAPACIDADE DE PENSAR DE MAIS AS COUSAS, DARLLES  
DEMASIADAS VOLTAS**


**PREOCUPACIÓN**

**MEDIOAMBIENTE DEBIDO AO QUE PODE SUPOR PARA A NOSA  
SUPERVIVENCIA COMO ESPECIE, ASÍ A DESTRUCCIÓN DO  
ECOSISTEMA DO RESTO DAS ESPECIES**

TI

CABEZA

CORAZÓN



- PREFERIDA
- FELICIDADE
- INFELICIDADE
- AMOR
- ODIO
- SAÚDE
- ENFERMIDADE
- ÉXITO
- FRACASO
- DIÑEIRO
- RUÍNA
- PRESENTE
- FUTURO
- EXAMES
- AMIZADE
- FAMILIA
- INFANCIA
- NAI
- PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

Elíxeste de cor prateada, unha cor que se asocia bastante ao gris. Intúo que a cor prateada non é negativa para ti, aínda que tamén a elixes para a enfermidade. A cor prateada é para ti positiva, negativa ou estética?

Mais ben negativa.

Elíxeste máis ben en negativo?

Nesta cuestión particular, elixo a cor prateada porque pra min simboliza un estado de ánimo, ou situación vital, na que non se debería alargar a estadía durante un longo tempo; pero á vez non é totalmente negativa, debido ós ocasionais destelos de claridade e enerxía que empurran a seguir adiante e buscar un futuro mais positivo.

Se tiveras que elixir outra cor para presentarte máis ben positivo, que cor elixirías?

Gustárame ser un CB14.

O teu corazón é vermello, igual que a túa cor favorita. Unha cor de forza, potencia e fortaleza, pero tamén de sangue e agresividade. Que calidade ten o teu vermello?

Maiormente fortaleza, pero tamén contén algo de agresividade.

Que significa a cor prateada para ti?

Un día de néboa interrompido por ocasionais raios de sol.

Que diferenza hai para ti entre o gris CB15 e o prateado CP18?

O gris é pura néboa, andar a cegas, indefinición. O prateado contén luz e esperanza.

Chámame a atención que utilizas moito a cor branca, vives como nun mundo branco:

A felicidade, o amor, a saúde, o éxito, o presente, o futuro, a amizade, a familia, túa nai.

Que significa o branco para ti?

Luz, positividade, enerxía.

Que significa o negro?

Escuridade, negatividade.

Vives nun entorno negro branco e gris, con dous puntos vermellos e un verde que elixes agora para a túa infancia.

Só elixes o verde da infancia. O verde é unha cor positiva e estable moi elixida e preferida, especialmente o CV09.

Non elixes ningún azul. O azul é unha cor positiva e activa, a cor máis preferida.

Como te sentirías nun entorno verde?

Relaxado, en paz, pero con enerxía. O verde é para min o cor da natureza.

Como te sentirías nun entorno azul?

Totalmente relaxado. O azul é para min o color da auga, do mar, do río, da praia, e de canto entorno haxa ó redor de ditos corpos de auga.

Cambiarías algunha cor das que elixiches?

Creo que cambiaría a cor da miña infancia do CA05 ó CV09. E quizais cambiaría a cor de meu pai dun CN17 a un CP18, ou ben unha mestura dos dous. Acontecementos aínda recentes fan algo complicada esta última elección.

O cambio da cor de teu pai de negro a prateado para min ten unha lectura moi interesante: como se baixaras o nivel de negatividade un tono (raios de sol). Esta modificación serviuche para "aclerar" a relación con teu pai?

Creo que serviu pra darme conta de que lle adxudiquei a cor negra á relación co meu pai, mentres que o meu pai sería de cor prateada.

Se a resposta é si, xa sabes como modificar a percepción das cuestións ao teu favor. Cres que estaría ben modificar algunha?

Non entendo esta pregunta :)

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo.

ÚNICO.

"Na miña capacidade de pensar de máis as cousas, darlles demasiadas voltas". Que o interpretas como positivo ou como negativo?

*Positivo, sempre e cando esa capacidade este sometida a algún tipo de autocontrol pola miña parte. Negativa, de non darse este autocontrol.*

## **CUESTIONARIO H 92.**

HOME 21 ANOS

**DETERMINADO, EMPÁTICO, AMABLE, CENTRADO, CONCIENCIADO**

**ÚNICO**

**NA MIÑA FORMA DE PENSAR E AFRONTAR PROBLEMAS**

**PREOCUPACIÓN**


**A SOCIEDADE E AS SÚAS PREOCUPACIÓNS ACTUAIS XA QUE ME  
PARECEN EXTREMADAMENTE INDIVIDUAIS E EGOÍSTAS, ASÍ COMO**

**SITUACIÓN POLÍTICA POLA INCERTEZA**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

Elíxeste de cor azul medio CZ12, esta cor é das máis preferidas. A túa cabeza é cor carne, Correspondese cunha relación real da túa cor de pel?

.Si, foi o motivo principal.

O teu corazón é vermello. As persoas azuis e vermellas sodes positivas activas e alegres con gozo de vivir.

As túas eleccións cromáticas preséntante como unha persoa en equilibrio.

Preocúpate o futuro, pero ves un futuro positivo, claro, de cor verde, igual que o presente. Verdadeiramente es determinado e centrado.

Non teño practicamente ningunha pregunta que facerche, aínda que hai unha:

Elixes como cores do negativo, o negro, azul mariño, gris e prateado. Que diferenzas hai entre todos eles.

Negro Escuridade

Azul mariño Aburrimiento

Gris Común

Prateado Difícil, tosco

Moitas grazas polas túas respostas. Manteño a valoración anterior.

Simplemente preguntarche se hai algunha cuestión que che gustaría traballar, ou sobre a que teñas dúbidas.

ÚNICO:

Definirse como: determinado, empático, amable, centrado, concienciado, xa é unha combinación bastante única.

# CUESTIONARIO H 104

HOME 21 ANOS

**EXTROVERTIDO**

ÚNICO

**POSÚO UNHA FORZA DE VONTADE E AMBICIÓN MOI SUPERIOR A  
DOS MEUS COMPAÑEIROS**

PREOCUPA


**NON ME PREOCUPA NADA XA QUE CHEGUEI Á CONCLUSIÓN DE QUE  
NON MERECE A PENA PREOCUPARSE POR ALGO, TODO TEN  
SOLUCIÓN OU ALTERNATIVA**



TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

Elíxeste de cor rosa claro con cabeza verde.

O rosa claro non é unha cor moi preferida. Unha das súas lecturas está na gama de intensidade do vermello e o fucsia, nesta gama é a máis tranquila e estable. Creo que es tranquilo e estable, forte, que te coñeces ben; por iso elixes con total confianza e seguridade o rosa claro.

O amor é o antídoto de moitos males.

Que significa este rosa claro para ti? É o rirse forte e que te doia o peito, a satisfacción, a paixón polas cousas, a sorte e quererse a un mesmo e aos demais sen ningún medo ou dúbida.

Creo que con esta frase te defines moi ben. E a min dásme unha lectura do rosa claro que non tiña. Grazas. Elixiches o amor rosa fucsia e o éxito vermello.

Que significa o amor fucsia? E o estar disposto a crear algo bonito con outra persoa, sexa una relación ou un recordo

Que significa o éxito vermello? E a cor do sangue, que relaciono cos sacrificios que teñen que realizarse e os esforzos que alguén leva a cabo para acadar éxito

A túa cor preferida coincide coa da túa cabeza, a felicidade e o futuro. Visualizas un futuro positivo estable, sen embargo o presente é prateado. Tamén os exames.

Que significa o teu presente prateado? Que significan os exames prateados? O prateado significa para min aventura e incerteza, o non saber que ven e reaccionar no momento.

Que significa o gris para ti? (non a elixes en ningún caso) O gris para min é melancolía e esquecemento, a cor da luz dun día nubrado e lembrar mellores momentos.

Chámame a atención que non elixas o negro en ningún caso. O negro é a cor máis negativa, non hai nada máis aló do negro. Sen embargo tu ves o negativo de cor azul mariño, a túa calidade de pensar que todo ten solución ou alternativa aparece reflexada na elección da cor azul mariño. Ningún azul é negativo, só o azul mariño. Esta cor é moi especial porque é negativa pero activa.

Que significa para ti o azul mariño? E o chorar, a impotencia, non sentirse querido, ver como che dan as costas e como os teus seres queridos desaparecen ou se distancian.

Queres facer algún comentario sobre a elección de teu pai azul mariño? A verdade, non me queda nada por dicir.

Que significa para ti o negro? Algo inevitable e/ou invariable (non malo).

Existe algunha cousa que sexa negra? A gravidade, o envellecer.

Cal é a cor máis negativa para ti? O azul mariño.

Hai algunha cuestión que che apeteza traballar? A verdade é que non, pero se hai algo máis no que poida axudar para o proxecto, non dubides en pedilo.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non.

ÚNICO.

Si tes calidades únicas de forza de vontade e ambición.

# CUESTIONARIO M 76

MULLER 21 ANOS

**PESIMISTA PERO CON UN TOQUE GRACIOSO**

ÚNICA

**NA FORMA QUE TEÑO DE TOMARME AS COUSAS**


PREOCUPA



















**AS IDEAS DALGUNHAS PERSOAS QUE PRETENDEN COARTAR A  
LIBERDADE DOS DEMAIS**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

O primeiro que me chama a atención no teu cuestionario é a **preferencia polo vermello CR01 e o verde escuro CV10**.

A cor verde é unha cor de connotacións positivas e ti usas o verde escuro para expresar o negativo.

Elixes verde escuro: O odio, a enfermidade, o fracaso, a ruína, os exames. Son para ti de calidade negativa? Si.

Es a primeira persoa que vexo que elixe o verde escuro non valor negativo.

Podes dicirme que significa este verde para ti? En contraposición co verde máis claro creo que é unha cor moi fea a cal transmíteme sensacións negativas. Tamén creo que o positivo e o negativo están ligados dalgunha maneira que neste caso é a cor verde....

A túa definición da cor verde escura é de gran utilidade para min, grazas.

Vendo as túas preferencias non diría que es unha persoa pesimista, como mínimo es unha pesimista activa que busca sempre superar o pesimismo.

Cres que teño razón?.Si, intento superar o pesimismo sempre con bo sentido do humor. O aprendín pouco a pouco xa que antes acostumaba tomarme as cousas moito mais en serio é facíame infeliz.....

Para ti a infelicidade é branca, unha cor aberta a diferentes opcións normalmente positivas. Parece que a infelicidade está presente na túa vida dunha forma razoada, que coñeces a infelicidade. Quizás che resulte difícil desfacerse dela, podería dicirche que a cambiaras por outra cor, pero creo que o exercicio que tes que facer é buscar as calidades positivas do branco. Cres que o podes facer?

O negro e o gris son as cores máis negativas e tu tan só elixes o negro para o futuro e para a cabeza, e o gris en ningún caso.

A cor negra ten lectura positiva cando é preferencia estética? O futuro negro, e a túa cabeza negra, son positivas ou negativas? Negativas, vexo a futuro dunha forma negativa. Non me gusta pensar nel. E vexo a cabeza de cor negra porque creo que é negativa, xa que a miña cabeza é os meus pensamentos poden ser un perigo para min mesma.

Pode ser que a túa cabeza a relaciones coa cor do teu pelo? Non, o relaciono co cerebro e os pensamentos...

Creo que o que che podo aportar é a suxestión de cambiar a cor negra do futuro e a túa cabeza.

Debes buscar alternativas ao negro. Cal é para ti a cor oposta ao negro?

Podes dicirme unha cor intermedia? Podes dicirme unha cor na que te sintas cómoda?

Unha vez respondas a estas preguntas volverei a facerche comentarios.

Tampouco elixes o marrón.

O vermello está moi presente, diría que é a cor da túa fortaleza. Son vermellos: a felicidade, o amor, o éxito, a familia, o teu corazón, túa nai e teu pai. Un vermello positivo que che suxiro utilices na túa vida para saír do pesimismo.

O verde claro é a túa cor preferida, Ti tamén que defines verde claro e o presente tamén. O verde é unha cor positiva estable. Suxíroche que aproveites ese verde!

Non sei porque pero me imaxino a túa cara cun sorriso.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Creo que non.

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo. ....Servíume moito, moitas grazas :). ....

ÚNICA:

Véxote en positivo estable.

# CUESTIONARIO M 84

MULLER 22 ANOS

**INESTABLE**

ÚNICA

**RAZOAMENTO LÓXICO E MATEMÁTICO E CREATIVIDADE**

PREOCUPA

**SER UNHA PERSOA DE PROVEITO E SER FELIZ. PREOCÚPAME DESCOIDAR  
UNHA POLA OUTRA OU NON SER CAPAZ DE ACADAR NINGUNHA**



TI

CABEZA

CORAZÓN



-  PREFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

O azul CZ12 é unha das cores máis preferidas polo seu positivismo, vitalismo e enerxía; sen embargo tu utilízala para definir cuestións, de entrada, negativas, como a infelicidade e o fracaso.

Poderías dicirme que significa para ti esta cor azul medio? Sempre asocie a cor azul coa choiva, en especial ese tono recórdame case a tormenta; e tamén coas bágoas. Creo que un pouco é tamén por asociar a connotación de “blue” no inglés con estar triste.

**Moitas grazas por aportarme unha lectura máis do azul CZ12. !!! É a primeira lectura non positiva que teño.**

O gris, o azul mariño e o marrón son cores non positivas. Tu defíneste con estas cores.

O gris, azul mariño e marrón que elixes teñen lectura positiva negativa ou neutra? Creo que as definiría como neutras. Non son positivas, pero tampouco negativas se non as deixo ir nesa dirección. As definiría como incertas.

**Moitas grazas tamén por definir o gris e o azul mariño como incertas, creo que é unha moi boa definición.**

Te elixes como incerta, imprecisa, inestable.

Queres cambiar ou modificar esta incerteza? Si.

**Querería proporche dúas opcións:**

- 1- Cambiar as cores que elixiches por outras que sexan máis certas, precisas.

Cales son as cores máis estables para ti? Amarelos e verdes non demasiado fortes, tal vez tons pastel.

Quéreste cambiar por algunha destas cores? Gustaríame moito

Que nova elección farías? CV08 É positivo para ti? Si.

Creo que podes utilizar esta elección para obter seguridade e estabilidade.

Terías que cambiar a túa cor gris pola verde claro:

De que cor es TI?: CV08 (verde mais claro que a túa cor preferida CV09)

A túa cabeza?: que tal o amarelo CA06? Elixes tu a cor que queiras?.....

O teu corazón: CN16? Queres cambialo?.....

Tes que cambiar tamén o presente gris!! Cámbiao pola cor que tu desexes.....

Unha vez feitos estes cambios, sentiríaste mellor?.....

Se a resposta é si, xa sabes o que tes que facer. Imaxínate nesas cores.

2- Modificar as cores que elixiches tentando volvelas máis estables para ti. Cres que podes imaxinar un gris, azul mariño, con calidades positivas? Do gris non estou tan segura, pero creo que o azul si sería capaz.

Con calidades que che fagan sentir mellor? Como xa te dixen, é máis por asociacións que fago eu que por a propia cor, así que dadas outras ou novas experiencias creo que sería capaz.

Algún deles é unha preferencia estética? O marrón é o mesmo que elixín para a miña nai porque recórdame á barra de labios da miña nai, interpreteino como un vermello escuro.

**Gústame a calidade positiva que das ao marrón. Estou aprendendo moitas cousas contigo.**

Tamén presentas o futuro gris? Que significa este futuro para ti? Está un pouco relacionado co meu medo ao fracaso, o non saber que facer ou como actuar para conseguir o que quero; e a veces nin sequera saber que é iso que quero.

Todos temos medo aos diferentes fracasos, cando realmente o fracaso nos leva cara a outras posibilidades.

De que cor sería para ti un fracaso positivo? Non creo que varíase moito da actual, tal vez en tonalidades máis suaves, máis luminosas. Canto máis escura a cor, máis agresiva me parece.

Unha vez me respondas a estas cuestións podemos seguir si queres traballando

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Non.

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo.

ÚNICA.

Tes moi boas calidades únicas: Razoamento lóxico e matemático e creatividade.

# CUESTIONARIO M 85

MULLER 19 ANOS

**ALEGRE E COS PES NA TERRA**

ÚNICA

**PERSOA MOI CENTRADA E POSITIVA**

PREOCUPA

**O FUTURO? XA QUE É ALGO INMEDIATO E CON POUCA CERTEZA,  
MAIS CONCRETAMENTE COMO IRÁN AS MIÑAS RELACIÓNS  
INTERPERSOAIS, ETC**

TI

CABEZA

CORAZÓN



-  REFERIDA
-  FELICIDADE
-  INFELICIDADE
-  AMOR
-  ODIO
-  SAÚDE
-  ENFERMIDADE
-  ÉXITO
-  FRACASO
-  DIÑEIRO
-  RUÍNA
-  PRESENTE
-  FUTURO
-  EXAMES
-  AMIZADE
-  FAMILIA
-  INFANCIA
-  NAI
-  PAI

## LECTURA PERCEPCIÓN CROMÁTICA.

O primeiro que me chama a atención no teu cuestionario é a presenza do amarelo, a cor máis alegre. Nas cuestións: De que cor es TI?, o teu corazón?, elixes o amarelo, es alegre. A elección do azul para a cabeza reafirmate cos pes na terra; o azul CZ12 é unha das cores máis positiva, activa e vital. Ante a túa presentación de persoa alegre, positiva e libre que se afirma na elección das cores amarelas, xa pouco máis podo dicirche. Gustaríame que me comentaras se te identificas coa valoración que acabo de facer de ti? A verdade é que me identifico totalmente coa valoración. Moi acertada.

Preocúpate o futuro pero tamén o elixes amarelo; ves o futuro na túa onda persoal, está integrado perfectamente na túa vida e así se irá resolvendo. Cada vez que te enfrontes ao futuro visualízao coa potencia do amarelo.

A cor negra e cor gris son as máis negativas que existen; tu elixes a infelicidade, u odio, a enfermidade, sen embargo o fracaso é azul mariño. O azul mariño é unha cor negativa activa, se queres introducir máis control sobre o teu positivismo suxíroche que cada vez que algo veña a túa vida de cor negro o visualices en azul mariño. Que opinas? A partir de agora intentarei facelo, xa que quizais o negro é demasiado negativo. O azul mariño deixa un pouco de esperanza ante as cousas negativas.

Cambiarías algunha cor das que elixiches? Creo que só cambiaría a cor de meu pai, poñeríalle un CA04, e a enfermidade un CZ11

Espero que a lectura que che fixen che sirva para algo.

ÚNICA.

As cores te confirman como unha persoa moi centrada e positiva.